

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2026

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de agosto de dous mil vinte e seis, baixo a presidencia da Excma. Sra. alcaldesa, Sra. D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ reúnen, por medios presenciais, os concelleiros e concelleiras: D. ANTONIO AMEIJIDE OSORIO, D. RAMÓN MANUEL CABARCOS RODRÍGUEZ, D.^a MARÍA DEL MAR CARBALLAS PIÑEIRO, D.^a SILVIA COLMENERO GUZMÁN, D. JAVIER VÁZQUEZ PRADO, D.^a FLORA RUBINOS ROIS, D. AGUSTÍN GALLEGO VIGO, DON GUSTAVO ENRIQUE DÍAZ REY e asiste a concelleira non adscrita, D.^a MARÍA REIGOSA CASTRO. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado, e asisten á sesión a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral accidental, don Pedro Fernández Agustí, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobouse a licenza para a modificación de proxecto básico e de execución de construción de nave industrial destinada a planta de elaboración de café, na rúa Ramón María Aller Ulloa, 37, parcela B6.

ÁREA DE GOBERNO DE ECONOMÍA, PARTICIPACIÓN, SERVIZOS Á VECIÑANZA E BENESTAR ANIMAL

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a autorización para uso especial do dominio público para instalación de máquinas automáticas expendedoras de bebidas frías, quentes e produtos non perecedoiros nos edificios e instalacións municipais (Exp. Ref. 2026/C013/000002) e a prórroga para a anualidade 2026-2027.

- Aprobouse a contratación da subministración de catro carrozas en réxime de aluguer para a cabalgata de Reis 2027, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e adxudicación por procedemento aberto e a apertura do procedemento de adxudicación (Exp. Ref. 2026/C004/000024).

- Aprobouse a contratación do servizo de mantemento dos equipos contra incendios en edificios municipais e a adxudicación (Exp. Ref: 2026/C003/000013).

- Aprobouse a contratación da execución do programa de apoio á conciliación 'Aprende xogando' do Concello de Lugo, os pregos de perscricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e adxudicación por procedemento aberto (Exp. Ref. 2026/C003/000019).

ACTAS E GOBERNO

AMRG/cal

Ref: 26extractoxg35

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-8-2026

- Aprobouse a contratación da subministración (aluguer) de centro de control móbil para a centralización de tarefas de videovixilancia remota, con instalación de cámaras portátiles e fixas inalámbricas, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e apertura do procedemento aberto simplificado abreviado (Exp. Ref. 2026/C004/000025).

Fóra da orde do día adoptouse o seguinte acordo:

- Desestimouse a solicitude de suspensión da execución da resolución do acordo 9/308 da Xunta de Goberno Local do 20 de xullo de 2026, para a explotación do servizo de cafetería restaurante no edificio Mirador do Parque Rosalía de Castro.

Asinado dixitalmente pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, dona Ana María Rivas García e o tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Javier Vázquez Prado.